

ADDENDA AO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA E O CONCELLO DE MOS PARA A EXECUCIÓN DO PROXECTO DENOMINADO DRENAXE NO CEMITERIO MUNICIPAL DA GÁNDARA-TORROSO

REUNIDOS

Dunha parte, Alfonso Rueda Valenzuela, vicepresidente primeiro e conselleiro da Presidencia, Xustiza e Turismo, facultado para a formalización deste convenio polo artigo 34º da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia.

Pola outra parte, Nidia María Arévalo Gómez, alcaldesa do Concello de Mos, actuando en virtude das facultades representativas que lle atribúe o artigo 21.1 b) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e 61.1.a) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia.

EXPOÑEN

Primeiro. Con data 25 de maio de 20120, a Xunta de Galicia, a través da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, asinou co concello de Mos un convenio de colaboración para a execución do proxecto denominado "Drenaxe do cemiterio municipal da Gándara a Torroso"

Segundo. O Concello de Mos interesa unha modificación do proxecto subvencionado que non altera o importe total do mesmo, para introducir as modificacións producidas nas obras de drenaxe do Cemiterio Municipal da Gándara- Torroso, por causas sobrevidas, así como pola aparición de novas patoloxías e novas configuracións físico-construtivas postas de manifesto unha vez iniciados os movementos de terra e retirada de parte da cubrición dos panteóns.

Terceiro. Co fin de estudar a proposta do concello, en data 20 de outubro de 2020 reuniuse a Comisión Mixta, integrada por dous representantes da Dirección Xeral de Administración Local e dous representantes do concello de Mos, e propuxo a formalización dunha addenda ao convenio de colaboración entre a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e o concello de Mos para a execución do proxecto denominado "Drenaxe do cemiterio municipal da Gándara a Torroso"

As partes reunidas ACORDAN:

- A modificación do orzamento inicial substituído o mesmo polo presentado na proposta do Concello que figura como anexo I a esta addenda.

En proba da súa conformidade, as partes comparecentes asinan o presente documento o 2 de novembro de 2020.

O vicepresidente primeiro e conselleiro de
Presidencia, Xustiza e turismo

O alcaldesa do concello de Mos

Alfonso Rueda Valenzuela

Nidia María Arévalo Gómez

ANEXO

MODIFICADO_DRENAXE NO CEMITERIO MUNICIPAL DE GÁNDARA. TORROSO

CAPITULO	RESUMEN	EUROS	%
1	TRABAJOS PREVIOS. MOVIMIENTO DE TIERRAS	1.078,33	6,21
2	DRENAJE	2.100,24	12,10
3	FIRMES Y PAVIMENTOS	1.857,12	10,70
4	OBRAS DE FÁBRICA. IMPERMEABILIZACIONES	10.264,19	59,12
5	REPOSICIONES	1.150,38	6,63
6	GESTIÓN DE RESIDUOS	309,75	1,78
7	SEGURIDAD Y SALUD	602,31	3,47

TOTAL EJECUCIÓN MATERIAL 17.362,32

13,00 % Gastos generales 2.257,10

6,00 % Beneficio industrial 1.041,74

SUMA DE G.G. y B.I. 3.298,84

21,00 % I.V.A. 4.338,84

TOTAL PRESUPUESTO CONTRATA 25.000,00

TOTAL PRESUPUESTO GENERAL 25.000,00